Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 887 006
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

Acta núm. 16/2026.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 3 de novembro de 2026.

ASISTENTES:
Pablo Lago Sanmartín.
Sandy Marie Cebral Gómez.
María Rosa Romero Fariña.
Non asisten:
Carlos Noya Pereira.
José Antonio Vidal González

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:20 horas (con retraso) do 3 de novembro de 2026, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 15/2026, DO 20/10/2026.
2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS).
3º) COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN
4º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
5º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
6º) RENUNCIA A LICENZA DE OBRA MAIOR.
7º) RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.
8º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 15/2026, DO 20/10/2026.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 20.10.2026, acta núm. 15/2026.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ADOLFO PEREIRO SANTOS, na que comunica que vai reparar a cobertura dun antigo alpendre de 48 m^2 de superficie, sito no lugar en Liñares s/n, consistindo a actuación na substitución da cuberta existente de fibrocemento por unha nova cuberta do mesmo material con acabado en tella cerámica curva, mantendo a estrutura da cuberta e a volumetría actual da edificación.

A edificación (referencia catastral 5850301NH2455S0001GA) sobre a que se vai actuar emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (Ordenanza: NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

CVD: rMmNZY5rVbVRPlU3Nq33 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 887 006
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

-. Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 35,20 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 99,77 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SERAFÍN GUTIER VÁZQUEZ ARUFE, na que comunica que vai executar obras na vivenda sita no lugar de Cabanas nº 19, Os Ánxeles, consistentes na substitución parcial da cobertura de tella cerámica curva que se atopa en mal estado, por outra nova das mesmas características. Así mesmo, procederase ao selado das fendas existentes na fachada, así como o posterior pintado desta.

A parcela (referencia catastral 5337301NH2453N0001LG) sobre a que se vai actuar está emprazada dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 100,60 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 165,17 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DIANA ORDOÑEZ RODRÍGUEZ, na que comunica que vai cambiar as ventás da planta superior da vivenda sita no lugar de Souto nº 5, Os Ánxeles, por outras novas de PVC en cor branca.

A vivenda (referencia catastral 5734509NH2453S0001YM) obxecto da actuación atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área non consolidada pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

-. Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

CVD: rMmNZY5rVbVRPlU3Nq33 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 887 006
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 27,40 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 91,97 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CAROLINA ANDREA PARRA OYARZÚN, na que comunica que vai executar obras no interior da vivenda sita na Urbanización Balneario do Tremo nº 11, 2 A, consistentes na substitución do alicatado do baño, na colocación de tarima nunha superficie aproximada de 52 m² e no pintado das paredes e dos teitos da vivenda.

A vivenda (referencia catastral 7649409NH2474N0029EH) sobre a que se pretende actuar situase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 153,98 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 218,55 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Luciano Piñeiro Bermúdez, que di actuar en representación de HERMITAS RIVAS LEMOS, na que comunica a execución de obras consistentes no encintado das caras exterior e interior dun muro de cachotaría situado na fachada principal da parcela sita en Chave de Ponte nº 16, Bastavales, mediante a aplicación de morteiro de cemento, cal e area. Así mesmo, prevese a colocación dunha ringleira de pedra de sillería de granito nos limiares de dúas cancelas situadas no fondo da parcela e doutra cancela interior, así como a reparación da cubrición das devanditas cancelas.

A parcela (referencia catastral 9011402NH2491S0001IT) sobre a que se pretende actuar atópase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural para áreas consolidadas pola edificación (NRL-1), séndolle de aplicación a ordenanza nº 8. Así mesmo, a parcela sitúase dentro do contorno de protección do hórreo existente na finca, catalogado como ben de interese cultural (BIC) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 27/10/2026 (expediente XTC-2026-1854.AUI) e do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. Cumpriranse as condicións recollidas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 27/10/2026 (expediente XTC-2026-1854.AUI):

a.- Os rexuntados realizaranse con morteiros de cal ou bastardos de cal e cementos en tons similares aos da pedra e quedarán lixeiramente refundidos na xunta ou a rentes coa fábrica, nunca en relevo.

b.- No solado empregarase pedra da zona, ou o máis semellante posible á empregada orixinariamente na área.

CVD: rMmNZY5rVbVRPlU3Nq33 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 887 006
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

-. Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 44,00 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 108,57 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSEFINA GERMIL CASTRO, na que comunica que vai realizar obras de reparación da soleira de 20 m² situada na parte posterior da vivenda sita en Soigrexa, nº 37, Os Ánxeles.

A parcela (referencia catastral 6841301NH2464S0001BZ) sobre a que se pretende actuar atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 24,00 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 88,57 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Verónica Rodríguez Casal, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RESIDENCIAL LAMAS DE ALBARIÑO BLOQUES 5 e 6, na que comunica que vai executar obras de reparación puntual das fachadas dos bloques de vivendas sitos na rúa Tarrío, nº 11 e 13, correspondentes aos bloques 5 e 6 da urbanización. As actuacións consistirán no selado de gretas e no posterior pintado das zonas afectadas, localizadas nas esquinas das fachadas dos pisos 2º E e 3º F do bloque nº 13 e do piso 2º A do bloque nº 11.

Ambas edificacións (referencia catastral 6555931NH2465N) emprázanse sobre un ámbito de solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UNC1.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

CVD: rMmNZY5rVbVRPlU3Nq33 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 887 006
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 57,80 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 122,37 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RAFAEL COSMEN ALONSO, relativa á execución de obras de peche de parcelas e urbanización do espazo de cesión no lugar de Salaño Grande, parroquia de Ons, consistentes nas seguintes actuacións:

-. Peche da parcela con referencia catastral 15013B502101690001QM, no tramo que linda coa vía pública, cunha lonxitude aproximada de 23 metros, mediante bloque de formigón ata unha altura de 1,20 metros e tela metálica na parte superior, ata acadar unha altura total de 1,80 metros, medida desde a rasante natural do terreo. O peche situarase a 5 metros do eixe do vial, de conformidade co establecido no plano de segregación.

-. Peche da mesma parcela, no tramo que non linda coa vía pública, cunha lonxitude aproximada de 41 metros, mediante postes e tela metálica, ata unha altura total de 1,80 metros desde a rasante natural do terreo.

-. Peche da parcela con referencia catastral 15013B502201690000MA, cunha lonxitude aproximada de 127 metros, mediante postes e tela metálica, ata unha altura total de 1,50 metros desde a rasante natural do terreo.

-. Execución das obras de urbanización do espazo de cesión situado fronte á parcela, cunha superficie aproximada de 29 m².

Antecedentes:

1. Con data 28.10.2025 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza de segregación a INVERCOM PROYECTO S.L. para a segregación de tres parcelas sitas no lugar de Salaño Grande - Ons resultando de dita segregación seis parcelas e un lote de cesión dunha parcela, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola José Ramón Pardal Pardal, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña e Pontevedra con data 30.06.2025 (núm. 20250548).

As parcelas onde se pretenden executar as obras aséntanse, parte (ref. catastral 15013B502101690001QM) sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-2) do PXOM, e parte (ref. catastral 15013B502201690000MA) en solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:
-. Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 250,73 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 315,30 euros.

CVD: rMmNZY5rVbVRPlU3Nq33 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 887 006
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por BENEDICTA VILARIÑO MOURE, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta soterrada, cunha profundidade de 1,45 metros e unhas dimensións en planta de 7 x 4 metros. A piscina situarase na parte traseira da parcela sita no lugar de Romarís nº 22 – Brión, respectando os afastamentos mínimos de 3 metros aos lindeiros.

A parcela (referencia catastral 7511428NH2471S0000YL) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL 2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A piscina deberá afastarse como mínimo a 3 metros dos lindeiros particulares da parcela.

-. Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 170,00 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 234,57 euros.

TERCEIRO .- COMUNICACIÓN PREVIA PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por OLAYA SANTAMARÍA QUEIRUGA, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada na rúa da Pomba 7, Os Ánxeles.

Antecedentes:

1. En data 01.12.2020 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza de obras a Olaya Queiruga Santamaría para construír unha vivenda unifamiliar na Rúa da Pomba 7, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Andrés Fernández Couce, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 15.05.2020 e documentación complementaria visada o 16.09.2020 e 12.11.2020.

2. En data 14.12.2021 a Xunta de Goberno Local concedeu modificación da licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local o 01.12.2020 para construír unha vivenda unifamiliar na Rúa da Pomba 7, Os Ánxeles, segundo modificado do proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar illada en Brión redactado polo arquitecto Andrés Fernández Couce, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 13.10.2021 (n.r.e.: 1902566).

3. En data 28.11.2023 a Xunta de Goberno Local concedeu unha prórroga do prazo do remate das obras de construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Pomba 7, Os Ánxeles, coa condición de que a edificación sexa rematada exteriormente.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto Andrés Fernández Couce, con data 01.07.2026, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 07.07.2026, acorda por unanimidade:

CVD: rMmNZY5rVbVRPlU3Nq33 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 887 006
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Autorizar á interesada o mantemento en precario do muro existente na porción obxecto de cesión ao Concello con destino a viario público, ao que se refire a licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local do 01.12.2020, modificada pola licenza posterior de data 14.12.2021, co compromiso de proceder á súa demolición sen indemnización ningunha no intre en que o Concello o requira, e singularmente, cando se proceda polo Concello á ampliación do viario, quedando entre tanto o muro en situación de fóra de ordenación sen que se poida levar a cabo no mesmo máis obras que as permitidas polo artigo 90 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.

3º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 1.218,59 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,85 euros.
Total: 1.315,44 euros.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Manuel Cirugeda García, que di actuar en representación de NEDGIA GALICIA S.A., na que solicita licenza de obra para executar traballos de mantemento da infraestrutura soterrada de gas nas inmediacións da aldea de A Torre. As actuacións consistirán na realización dunha cala de 2 × 2 × 1,5 metros, co obxecto de substituír o electrodo de referencia e a probeta existentes nunha arqueta situada no bordo da parcela con referencia catastral 5375603NH2457N0001KF, nas proximidades do vial de acceso a esta, segundo o documento técnico asinado pola enxeñeira técnica de telecomunicacións Alejandra Risco Barba, visado polo colexio profesional con data 22.09.2026 (expte. 2608820/01).

A obra a realizar emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 4,68 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 69,25 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ramón Rufián La Torre, que di actuar en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU, na que solicita licenza para instalar unha liña aérea de telecomunicacións de aproximadamente 130 metros de lonxitude, mediante a

CVD: rMmNZY5rVbVRPlU3Nq33 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 887 006
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

colocación de tres postes na vía pública, co obxecto de dotar de servizo telefónico a unha vivenda situada nas inmediacións da aldea de Gundín.

O ámbito de actuación situase en solo rústico de protección agropecuaria (RC) e, parcialmente, en solo de núcleo rural. Neste último ámbito localizase a edificación á que se pretende dar subministración, identificada coa referencia catastral 5375603NH2457N0001KF.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por RODRIGO CARBALLAL VILLAVERDE, na que solicita licenza para a construción dunha pérgola ou marquesiña destinada a garaxe, cunha superficie de 35,60 m², no interior da parcela con referencia catastral 5359404NH2455N0001GE, colindante coa parcela na que se sitúa a vivenda nº 11 de Brión de Abaixo.

A construción proxectada consonte coa memoria técnica valorada asinada pola arquitecta Ledicia Fraga Domínguez en data de 29.06.2026, e posterior documentación complementaria, asinada en data de 28.09.2026, estará conformada por unha estrutura metálica con cuberta de tella cerámica curva e situarase a unha distancia de 5 metros do eixe do camiño municipal de acceso.

A parcela obxecto de actuación aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (Ordenanza nº 8: NRL-1 do PXOM). Así mesmo, a parcela atópase incluída no ámbito de afección dun ben de interese cultural, identificado no catálogo do PXOM como «Aldea e Brión de Abaixo» (clave BE3), ao que lle corresponde un nivel de protección estrutural. En consecuencia, a actuación prevista queda sometida ao réxime de licenza, de conformidade co disposto no artigo 39 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- . A cuberta resolverase a dúas augas, de acordo coa planimetría presentada e mantendo a pendente manifestada de 26,5º, e a partires da altura consignada no aleiro de 2,40 metros.

-. As cores empregadas axustaranse ás directrices establecidas na *Guía de cor e materiais de Galicia 2017*, concretamente ás correspondentes á área paisaxística de Galicia Central (GAP), na que se integra o Concello de Brión.

CVD: rMmNZY5rVbVRPlU3Nq33 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 887 006
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

-. A nova construción deberá de afastarse como mínimo a 5 metros do eixo do camiño e a 3 metros dos lindes particulares da parcela.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 118,48 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 183,05 euros.

QUINTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Antonio Sabucedo Costa, que di actuar en representación de FRANCISCO JOSÉ RODRIGUEZ BOTANA, solicitando licenza para o cambio de uso dun local comercial a vivenda en rúa Inxerido 2- baixo A e baixo B - Os Ánxeles, segundo proxecto técnico asinado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 11.09.2026 e 15.10.2026 (expte. 2604975).

O local comercial onde se van executar as obras (referencia catastral 6349335NH2465S0014 DW) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 4 do PXOM (UNC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarase estritamente ao proxecto técnico asinado polo arquitecto Antonio Sabucedo Costa, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 11.09.2026 e 15.10.2026 (expte. 2604975).
-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de

CVD: rMmNZY5rVbVRPlU3Nq33 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 887 006
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.350,00 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.
Total: 2.446,03 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por JULIÁN FONTÁNS CAMIÑO e YESSICA RUIBAL BOQUETE, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en A Telleira 11 – Bastavales, segundo proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Eva Mª Álvarez Fernández, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 26.08.2026 e documentación complementaria visada con data 08.10.2026 (expte. 2604601).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 9427603NH2492N0001SF) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Eva Mª Álvarez Fernández, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 26.08.2026 e documentación complementaria visada con data 08.10.2026 (expte. 2604601).

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos necesarios para a apertura o regularización do viario preciso (aceptada pola Xunta de Goberno Local de data 22.10.2024), deberá aportar aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. Conectará cos servizos existentes no entorno da parcela; rede municipal de abastecemento, rede municipal de saneamento, sen conectar pluviais coas fecais, rede de electricidade e telefonía sen novos tendidos aéreos, soterrando e recuando postes, de ser o caso, e acondicionará a ampliación de vía para uso público no fronte da parcela, dispoñendo canle

CVD: rMmNZY5rVbVRPlU3Nq33 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 887 006
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

para paso das augas de escorrenta da cuneta – resolverase con tubo de PVC ou PP soterrado con diámetro non menor a 400 mm e sumidoiros de recollida cada 20 metros. O pavimento contará cunha solución resistente no tempo coma formigón sobre base firma regularizada e executarase unha beirarrúa, de formigón armado coloreado, en cor laranxa con dosificación 5kg/m3.

-. A obtención da licenza para a construción da vivenda unifamiliar, non implica licenza para a construción o modificación do peche, para o que deberá facer unha comunicación previa, segundo o artigo 142 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 3.728,07 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.
Total: 3.824,10 euros.

CVD: rMmNZY5rVbVRPlU3Nq33 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 887 006
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

SEXTO.- RENUNCIA A LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por PAULA RÍO ROUCO de solicitude de renuncia á licenza de obra maior concedida pola Xunta de Goberno Local do 16 de decembro de 2025 para a construción dunha vivenda unifamiliar en Caxusa 19 – Bastavales, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 03.10.2025 e documentación complementaria visada con data 31.10.2025 (expte. 2505334).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal no que sinala que as obras non foron executadas, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada, deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 16.12.2025.

2º) Anular a liquidación aprobada do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) devengado neste expediente, por importe de: 3.709,00 euros.

3º) Manter a liquidación aprobada da taxa de tramitación de licenzas urbanísticas por importe de: 96,03 euros.

4º) Proceder, por parte da Tesouraría Municipal, á devolución da garantía constituída por importe de 900,00 €.

5º) Notificar o presente acordo á interesada.

SÉTIMO.- RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Dada conta da resolución da alcaldía do 30.10.2026, que transcrita di:

Por esta alcaldía con data 01.06.2026, ditouse a seguinte resolución:

“” ASUNTO: DECRETO ACORDO DE CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

EXPEDIENTE: 2026/G003/000354

ANTECEDENTES:

1. O concello con data 07.06.2024 asinou coa empresa ATTENDE CARE S.L., NIF: B70091749, o contrato de servizos de axuda no fogar do concello, cunha duración de dous anos (24 meses), con efectos desde o día 7 de xuño de 2024, non sendo prorrogable.

2. Polo concello tense iniciado o expediente para a realización da nova licitación do servizo, pero debido a súa complexidade, non poderá formalizarse o novo contrato con anterioridade ao 7 de xuño de 2026.

Fundamentos de dereito:

O contrato non pode prorrogarse por non estar prevista a prórroga no mesmo e non se dan tampouco as condicións previstas no artigo 29.4. da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. Non obstante considerando que por razóns de interese público o concello non pode deixar de prestar este servizo aos veciños, o que se xunta á necesidade da continuidade do servizo (e mentres non se seleccione ao novo contratista) que impón coactivamente a permanencia do anterior contratista.

CVD: rMmNZY5rVbVRPlU3Nq33 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 887 006
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

En consecuencia, tendo en conta as mesmas consideracións a respecto da esencialidade do servizo e a necesidade de continuidade da prestación en base ao disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ao consideralo un servizo esencial.

Aínda que o período de vixencia do contrato vai rematar con data 7 de xuño de 2026, se entende que por razón do interese público, cal é o mantemento dun servicio público esencial, é necesario, de non existir a tácita recondución no ámbito da contratación administrativa, que se acuda a esta vía que ampara ao concello para acordar a continuidade da prestación do servizo ata que o novo contrato sexa adxudicado.

Neste caso, esta necesidade e urxencia é especialmente relevante, posto que as corporacións municipais non poden deixar de asumir as súas competencias en materia de servizo de axuda no fogar a dependentes e libre concorrencia. Non pode esquecerse que non estamos ante un contrato de obra ou subministro cuxo cumprimento se perfecciona coa entrega, estamos ante un contrato de prestación de servizos que non pode suspenderse sen que se deriven diso consecuencias importantes para o interese público.

A lexislación contractual establece o principio de continuidade na prestación do servizo para os contratos de xestión de servizos públicos tras a entrada en vigor da Directiva 2014/24.

Nesta a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, establece no seu artigo 29.4, derradeiro parágrafo:

“No obstante lo establecido en los apartados anteriores, cuando al vencimiento de un contrato no se hubiera formalizado el nuevo contrato que garantice la continuidad de la prestación a realizar por el contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecimientos imprevisibles para el órgano de contratación producidas en el procedimiento de adjudicación y existan razones de interés público para no interrumpir la prestación, se podrá prorrogar el contrato originario hasta que comience la ejecución del nuevo contrato y en todo caso por un periodo máximo de nueve meses, sin modificar las restantes condiciones del contrato, siempre que el anuncio de licitación del nuevo contrato se haya publicado con una antelación mínima de tres meses respecto de la fecha de finalización del contrato originario o, tratándose de un contrato basado en un acuerdo marco o un contrato específico en el marco un sistema dinámico de adquisición, se hayan enviado las invitaciones a presentar oferta del nuevo contrato basado o específico al menos quince días antes de la finalización del contrato originario.”

Esta norma abre a posibilidade de que cando ao vencemento dun contrato aínda non se tivera formalizado o novo contrato ao finalizar o prazo concesional podería prorrogarse o contrato orixinario ata que empece a execución do novo contrato e, en todo caso, por un período máximo de 9 meses, sen modificar as condicións restantes do contrato.

Neste caso, non se da o suposto previsto na norma pois non foi publicado o inicio do expediente de contratación cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de remate do contrato orixinario; poren, é de interese público, tal e como se ten argumentado con anterioridade a continuidade da prestación do servizo, pois supón o exercicio dunha competencia irrenunciable para a administración, ademais do prexuízo que para o interese público suporía a suspensión da prestación, que podería derivar en graves problemas no municipio, posto que o concello non dispón de medios materiais e humanos suficientes para poder facer fronte de xeito eficaz e eficiente a dita necesidade, razón pola que se tiña acordado a externalización de dita prestación.

CVD: rMmNZY5rVbVRPlU3Nq33 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 887 006
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

Neste senso se ten pronunciado tamén a xurisprudencia do Tribunal Supremo en sentenzas como a de 18 de novembro de 1986, ó dicir: " *Una situación excepcional en que denunciado el contrato en la forma legalmente establecida y pactada, la administración por razones de interés público, unidas a la necesidad de continuidad del servicio -mientras no se seleccione al nuevo contratista- impone coactivamente la permanencia de la anterior con unas consecuencias equiparables a las producidas cuando la administración hace uso de las facultades que forman el contenido del "ius variandi", con la ineludible contrapartida de la compensación económica a favor del contratista o concesionario de un servicio público, como es el caso al tratarse de un contrato de limpieza..."*

Polo tanto, esta alcaldía considera que debe adoptarse o acordo de continuidade de prestación do servizo derivado do contrato por parte da empresa adxudicataria nos mesmos termos que foron pactados mediante o contrato de data 07.06.2024, polo tempo imprescindible para a realización da adxudicación dun novo contrato.

Considerando que non se prexudican dereitos de terceiros e que esta ampliación ten carácter excepcional, e dada a urxencia do asunto, resolvo:

1º) Acordar a continuidade de prestación dos servizos derivados do contrato de servizo de axuda no fogar, por parte da empresa ATTENDE CARE S.L., con NIF: B-70091749, nos mesmos termos que foron pactados mediante o contrato de data 07.06.2024, desde o día 07.06.2026 ata o ata o 07.11.2026, que se considera o tempo imprescindible para a realización da adxudicación dun novo contrato, agás que con anterioridade se produza a formalización do novo contrato, e todo elo coa ineludible contrapartida da compensación económica a favor do contratista, que poida tramitarse.

2º) Desta resolución darase conta á Xunta de Goberno Local para os efectos da súa ratificación.

3º) Notificar esta resolución ao contratista para o seu coñecemento e efectos, e comunicar igualmente á responsable do contrato.""

Resultando que con data 02.11.2026 remata o prazo de presentación de ofertas na licitación do servizo realizada polo Concello, cuxo anuncio saíu publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público con data 02.10.2026, e que resulta materialmente imposible cumprir cos todos os trámites legalmente establecidos para a formalización dun novo contrato antes do 07.11.2026.

Esta alcaldía considera que debe adoptarse o acordo de continuidade de prestación do servizo derivado do contrato por parte da empresa adxudicataria nos mesmos termos que foron pactados mediante o contrato de data 07.06.2024, polo tempo imprescindible ata a formalización do novo contrato.

Considerando que non se prexudican dereitos de terceiros e que esta ampliación ten carácter excepcional, e dada a urxencia do asunto, resolvo:

1º) Acordar a continuidade de prestación dos servizos derivados do contrato de servizo de axuda no fogar, por parte da empresa ATTENDE CARE S.L., con NIF: B-70091749, nos mesmos termos que foron pactados mediante o contrato de data 07.06.2024, desde o día 07.11.2026 ata o día 31.12.2026 que se considera o tempo imprescindible para a realización da formalización do novo contrato, agás que con anterioridade se produza a formalización do novo contrato, e todo elo coa ineludible contrapartida da compensación económica a favor do contratista, que poida tramitarse.

CVD: rMmNZY5rVbVRPlU3Nq33 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/

Concello de Brión

Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 887 006
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

2º) Desta resolución darase conta á Xunta de Goberno Local para os efectos da súa ratificación.

3º) Notificar esta resolución ao contratista para o seu coñecemento e efectos, e comunicar igualmente á responsable do contrato.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Ratificar a resolución da alcaldía nos seus propios termos.

OITAVO-. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.
O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14,47 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace
Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González

CVD: rMmNZY5rVbVRPlU3Nq33 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.concellodebrion.org/